

BASES DO I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA ETNOGRÁFICA CRIANZA TREVINCA

1. OBXECTO DO CONCURSO

O Concello de A Veiga convoca o **I Concurso de Fotografía Etnográfica Crianza Trevinca**, no marco da **VI Exposición Agrogandeira Crianza Trevinca**, co obxectivo de poñer en valor e divulgar a cultura, as tradicións, os costumes e os modos de vida vinculados ao Concello de A Veiga, así como a propia celebración da feira Crianza Trevinca.

O concurso busca reunir e recoñecer fotografías capaces de transmitir, desde diferentes perspectivas, o patrimonio etnográfico de A Veiga e as actividades, persoas, costumes e formas de vida relacionadas co mundo rural e coa identidade do municipio.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar todas as **persoas físicas maiores de idade** excepto as persoas que formen parte do xurado.

3. TEMA

As fotografías deberán estar relacionadas coa **etnografía de A Veiga** e/ou coa **Exhibición Agrogandeira Crianza Trevinca**, incluíndo tanto a edición de 2026 como as edicións celebradas en anos anteriores.

Enténdese por fotografía etnográfica aquela que documenta, representa ou interpreta aspectos relacionados coa cultura, os costumes, as tradicións e os modos de vida dos grupos humanos.

Entre as posibles temáticas inclúense, a título orientativo:

- Actividades agrícolas, gandeiras e forestais.
- Oficios tradicionais e traballos artesanís.
- Ferramentas, utensilios e obxectos vinculados ás formas tradicionais de vida.
- Feiras, mercados e outras formas tradicionais de intercambio e relación social.
- Festas, celebracións e manifestacións da cultura popular.
- Costumes e prácticas tradicionais.
- Gastronomía tradicional e elaboración de produtos.
- Formas tradicionais de traballo e colaboración comunitaria.
- Indumentaria e elementos vinculados ás tradicións populares.
- Xogos e formas tradicionais de lecer.

- Actividades relacionadas coa vida no rural.
- Escenas da vida cotiá que permitan documentar formas de vida ou costumes propios da Veiga.
- Actividades, escenas, persoas, animais, produtos ou outros elementos relacionados con **Crianza Trevinca**, tanto na súa edición de 2026 como nas anteriores.
- Outras manifestacións materiais ou inmateriais da cultura e da vida tradicional na Veiga.

Non serán obxecto específico deste concurso as fotografías centradas exclusivamente na **arquitectura tradicional**, aínda que esta poderá aparecer como elemento secundario dentro dunha escena de interese etnográfico.

As fotografías deberán ter como escenario ou motivo principal **A Veiga e/ou Crianza Trevinca**. Non se admitirán fotografías de temática etnográfica realizadas noutros territorios.

4. ANTIGÜIDADE DAS FOTOGRAFÍAS

Poderán presentarse fotografías **actuais, históricas ou de arquivo**, sen límite de antigüidade. As fotografías históricas ou de arquivo deberán cumprir igualmente o resto das condicións establecidas nestas bases.

No caso das fotografías históricas ou de arquivo, a persoa participante deberá dispor lexitimamente da fotografía e dos dereitos necesarios para a súa presentación ao concurso e para a utilización da mesma polo Concello nos termos establecidos nestas bases.

5. NÚMERO E CARACTERÍSTICAS DAS FOTOGRAFÍAS

Cada participante poderá presentar un máximo de **8 fotografías**.

As fotografías poderán presentarse en **cor ou branco e negro**.

Poderán proceder tanto de cámaras analóxicas como dixitais, sempre que se presenten no formato establecido nestas bases.

Para as fotografías presentadas en formato dixital:

- Deberán ter unha resolución mínima de **1.200 píxeles no lado maior**.
- Os formatos dixitais admitidos serán **JPG e TIFF**.
- Cada fotografía dixital deberá levar como nome de arquivo o seu **título**.

As fotografías deberán ser orixinais e da autoría da persoa participante ou, no caso das fotografías históricas ou de arquivo, esta deberá dispor dos dereitos necesarios para a súa presentación.

As fotografías non poderán ter sido **premiadas anteriormente** nun concurso fotográfico.

6. TRATAMENTO E EDICIÓN DAS FOTOGRAFÍAS

Admitiranse as correccións dixitais destinadas a mellorar ou axustar globalmente a imaxe, tales como correccións de cor, saturación, contraste e outros axustes xerais similares. Admitiranse recortes da imaxe.

Non se admitirán fotografías que presenten unha **alteración dixital excesiva** ou que modifiquen substancialmente a realidade captada na fotografía.

Non estarán permitidas modificacións que supoñan a incorporación ou eliminación substancial de elementos da escena orixinal, nin a combinación de diferentes fotografías para crear unha nova imaxe.

Tampouco se admitirán fotografías xeradas mediante ferramentas de **intelixencia artificial**.

O Concello de A Veiga poderá solicitar o arquivo orixinal da fotografía cando sexa necesario para comprobar o cumprimento destas condicións.

7. INFORMACIÓN SOBRE O LUGAR E A DATA

Para cada fotografía presentada deberá indicarse, na medida do posible:

- O **título** da fotografía.
- O **lugar concreto** no que foi realizada: rúa, barrio, lugar, parroquia, monte, instalación, recinto da feira ou outro topónimo identificable.
- A **data (aproximada)** ou, no caso das fotografías históricas, a época aproximada na que foi realizada.

8. PRESENTACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS

As fotografías poderán presentarse en **formato físico ou dixital**.

A. Presentación en formato físico

As fotografías impresas deberán entregarse na **Biblioteca Municipal de A Veiga** en horario de luns a venres, no horario de **10:00 a 15:00 horas**.

As fotografías deberán presentarse nun sobre ou envoltorio identificado exclusivamente co **pseudónimo** escollido pola persoa participante.

No reverso de cada fotografía deberá figurar o seu **título e pseudónimo**.

As fotografías deberán ir acompañadas dun sobre pechado, identificado exteriormente co mesmo pseudónimo, que conteña a documentación indicada na base 9.

A totalidade das fotografías presentadas devolveranse unha vez rematado o concurso.

B. Presentación en formato dixital

As fotografías deberán enviarse por correo electrónico ao enderezo **cultura@aveiga.gal**

No asunto do correo deberá indicarse: **I Concurso de Fotografía Etnográfica Crianza Trevinca – [PSEUDÓNIMO]**

As fotografías deberán enviarse nunha única carpeta ou mediante un sistema de transferencia de arquivos, cando o tamaño dos documentos así o requira.

Os arquivos das fotografías deberán identificarse exclusivamente mediante o seu **título**, sen incluír o nome ou apelidos da persoa participante.

A documentación identificativa da persoa participante deberá enviarse nun arquivo independente, identificado co pseudónimo.

9. DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR

Co obxecto de preservar a identidade das persoas participantes durante a valoración das fotografías, estas deberán presentarse mediante **pseudónimo**.

O pseudónimo será libremente elixido pola persoa participante e non deberá permitir identificar facilmente a súa identidade.

Xunto coas fotografías físicas, deberá achegarse un sobre pechado, identificado unicamente co pseudónimo escollido, cunha folla cos seguintes datos:

- Pseudónimo.
- Nome e apelidos.
- NIF/NIE ou documento identificativo correspondente.
- Enderezo completo.
- Teléfono.
- Correo electrónico.
- Título de cada fotografía.
- Lugar concreto no que foi realizada cada fotografía.
- Data ou época aproximada de realización.
- Edición da Feira Crianza Trevinca, no caso de que corresponda.

No caso das imaxes dixitais, deberase enviar esta información nun documento PDF identificado co pseudónimo.

10. DEREITOS DE IMAXE

Cando nas fotografías aparezan persoas identificables, a persoa participante será responsable de dispoñer da autorizacións necesarias para a utilización da súa imaxe e para a presentación da fotografía ao concurso.

No caso de persoas menores de idade, deberase dispor de autorización dos seus pais, nais ou representantes legais.

No caso de fotografías históricas ou de arquivo, cando non resulte posible obter unha autorización actual das persoas que aparezan na imaxe, a persoa participante deberá

dispor lexitimamente da fotografía e dos dereitos necesarios para a súa presentación e utilización nos termos previstos nestas bases.

Non será necesaria a autorización específica cando a aparición das persoas sexa **meramente incidental** e estas non constitúan o elemento principal da fotografía, sen prexuízo das responsabilidades que puidesen derivarse do incumprimento da normativa aplicable.

A ausencia da autorización necesaria cando esta sexa esixible poderá dar lugar á exclusión da fotografía afectada.

11. PREMIOS

PRIMEIRO PREMIO

Enmarcado profesional da fotografía gañadora + unha cámara instantánea Polaroid + unha cesta de produtos gastronómicos locais.

SEGUNDO PREMIO

Experiencia de raquetas de neve para dúas persoas con Terras Altas de Trevinca + unha cesta de produtos gastronómicos locais

A experiencia poderá desfrutarse entre **novembro de 2026 e marzo de 2027, ambos os dous incluídos**, mediante reserva previa. Inclúe o material preciso para a actividade (raquetas e bastóns de neve). Equipamento e manutención durante a xornada non incluídos.

Suxeito a dispoñibilidade da entidade organizadora e ás condicións meteorolóxicas.

TERCEIRO PREMIO

Vale para asistir a un Curso de Fotografía de Paisaxe Nocturna no Centro Astronómico de Trevinca + unha cesta de produtos gastronómicos locais.

O vale poderá ser utilizado entre **outubro de 2026 e xuño de 2027, ambos os dous incluídos**, mediante reserva previa e segundo a dispoñibilidade do Centro Astronómico de Trevinca.

As experiencias e actividades incluídas nos premios estarán suxeitas á reserva previa, dispoñibilidade e condicións específicas das entidades responsables da súa realización.

No caso de que as condicións meteorolóxicas impidan realizar a experiencia de raquetas de neve na data inicialmente reservada, esta poderá ser reprogramada dentro do período de validez do premio, segundo a dispoñibilidade existente.

Os premios non poderán ser substituídos polo seu valor económico nin cedidos a terceiros, salvo autorización expresa da organización.

Unha mesma persoa non poderá obter máis dun premio.

Os premios poderán ser declarados desertos se, a xuízo do xurado, ningunha das fotografías presentadas reúne méritos suficientes.

12. CESIÓN DE DEREITOS DE UTILIZACIÓN

A participación no concurso implica a autorización ao Concello de A Veiga para a utilización das fotografías presentadas, **sen carácter exclusivo e sen contraprestación económica**, con fins institucionais, culturais, turísticos, divulgativos e promocionais relacionados co Concello de A Veiga e coa Exposición Agrogandeira Crianza Trevinca.

Esta autorización poderá comprender, entre outros, os seguintes usos:

- Cartelería e material promocional.
- Folletos, publicacións e materiais turísticos.
- Exposicións e actividades culturais.
- Páxina web e redes sociais do Concello de A Veiga e de Turismo A Veiga.
- Publicacións institucionais.
- Campañas de promoción turística e cultural.
- Material gráfico relacionado coa promoción de A Veiga, da súa cultura e patrimonio e das súas actividades.

A autorización aplicarase a **todas as fotografías presentadas ao concurso**, resulten ou non premiadas. No caso das fotografías analóxicas, coa súa presentación ao concurso se autoriza a súa dixitalización.

A cesión será **non exclusiva**, polo que a persoa autora conservará os seus dereitos sobre as fotografías e poderá continuar utilizándoas e autorizando a súa utilización por terceiros.

Sempre que sexa posible e resulte adecuado ao soporte ou utilización, o Concello identificará a autoría das fotografías.

13. EXPOSICIÓN DAS FOTOGRAFÍAS

As fotografías participantes que sexan **recibidas antes do inicio da VI Exposición Agrogandeira Crianza Trevinca** serán expostas durante a celebración do evento.

A exposición terá como finalidade mostrar ao público as fotografías presentadas ao concurso e contribuír á divulgación do patrimonio etnográfico e cultural de A Veiga.

As fotografías recibidas con posterioridade ao inicio da VI Exposición Agrogandeira, e dentro do prazo establecido para participar no concurso, serán igualmente admitidas á valoración do xurado, pero non formarán parte desta exposición.

14. XURADO

O concurso será fallado por un xurado composto por **tres membros**.

Composición do xurado: Óscar Blanco Varela, Miguel García Torres e Mónica Rodríguez Fernández.

O xurado valorará as fotografías atendendo, entre outros, aos seguintes criterios:

- Interese e valor etnográfico.
- Capacidade para documentar ou transmitir unha tradición, costume, oficio, actividade ou forma de vida.
- Autenticidade e respecto polo contexto.
- Capacidade narrativa e comunicativa.
- Calidade técnica e fotográfica.
- Composición e tratamento artístico.

A valoración destes criterios será realizada conxuntamente polo xurado, segundo o seu criterio, sen establecerse unha ponderación porcentual previa.

O fallo do xurado será **inapelable**.

15. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación das fotografías queda aberto desde a publicación destas bases e permanecerá aberto ata o:

DOMINGO, 11 DE OUTUBRO DE 2026 ÁS 15:00H.

As fotografías deberán ser recibidas dentro do prazo establecido.

16. FALLO DO CONCURSO

O fallo do xurado farase público no prazo máximo de **trinta días naturais**, contados desde o día seguinte ao da finalización do prazo de presentación.

O fallo será comunicado ás persoas gañadoras e publicado nas canles oficiais do Concello de A Veiga e de Turismo A Veiga, incluíndo a páxina web e as redes sociais.

17. ENTREGA DOS PREMIOS

A entrega dos premios realizarase nun **acto público**, en data e lugar que serán comunicados polo Concello de A Veiga con suficiente antelación.

18. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais facilitados polas persoas participantes serán tratados polo Concello de A Veiga coa finalidade de xestionar a participación no concurso, realizar as comunicacións

necesarias, tramitar a concesión e entrega dos premios e cumprir as obrigas legais que resulten aplicables.

As persoas participantes poderán exercer os dereitos que lles correspondan en materia de protección de datos nos termos establecidos pola normativa vixente.

19. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no **I Concurso de Fotografía Etnográfica Crianza Trevinca** implica a aceptación íntegra das presentes bases.

A presentación dunha fotografía supón a declaración por parte da persoa participante de que coñece e acepta as condicións do concurso e de que cumpre os requisitos establecidos nel.

O Concello de A Veiga resérvase o dereito de non admitir aquelas fotografías que non se axusten á temática ou ás condicións establecidas nestas bases.

Así mesmo, o Concello de A Veiga terá a facultade decisoria para resolver aquelas cuestións ou controversias que puidesen xurdir na interpretación ou aplicación das presentes bases.

20. INFORMACIÓN

Para calquera consulta relacionada co concurso:

Concello de A Veiga
Biblioteca Municipal de A Veiga

Rúa Nova s/n
32360 A Veiga (Ourense)

Correo electrónico: cultura@aveiga.gal

Tel.: 988 35 00 00

Web: www.aveiga.gal

I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA ETNOGRÁFICA CRIANZA TREVINCA
Concello de A Veiga